

FARO DE VIGO

# Arredor do escultor Xoán Piñeiro

Magnífica monografía



'San Xosé Obreiro' (1964).


Carlos L. Bernárdez

21·10·21 | 04:01

Unha magnífica publicación trae á actualidade a figura do escultor **Xoán Piñeiro (Nerga-O Hío, Cangas, 1920- O Porriño, 1980)**. Trátase do libro *Xoán Piñeiro*, editado en Goián (Tomiño) pola [fundación](#) que leva o nome do artista. O volume foi coordinado pola historiadora de arte **Chus Martínez Domínguez** e conta tamén coas achegas de **Gustavo Hervella García**, **Miriam Elena Cortés López** e **Carla Fernández Martínez** e co deseño gráfico de **Pepe Barro**.


A publicación repasa con rigor interpretativo e atractivo tratamento visual a **traxectoria do artista** e incide na necesidade de coñecermos o **contexto histórico** e o **papel da escultura no espazo público** para a atinada comprensión da súa traxectoria. Neste sentido, a formación do noso escultor vai producirse nos anos corenta cando, debido á **Guerra Civil** e a dura posguerra, o panorama cultural é desolador e non dará probas de mellora até avanzados os anos

cincuenta. Prodúcese un constante **éxodo de artistas**, que perante a pobreza do medio galego non teñen máis alternativa para se formaren que a marcha, en especial a Madrid, co consecuente empobrecemento do espazo artístico galego. No caso de Xoán Piñeiro vai formarse como **imaxineiro en Santander** e logo en **Madrid** para recalar finalmente en **Vigo** e traballar desde **Goián**.



Portada do volume 'Xoán Piñeiro' (2021).

A obra de Xoán Piñeiro dos corenta e cincuenta é marcadamente académica e no ámbito das encomendas públicas, como non podía ser doutra forma, moi mediatizada polo contexto social e político. A partir dos sesenta vai afastase algo máis destes presupostos con **formas figurativas ou abstractas en que predominan os ritmos sinuosos, organicistas**, aínda que non é infrecuente que os seus traballos remitan á liña do Movemento Renovador da Arte Galega de preguerra, nomeadamente a Eiroa, para chegar a formas en que xoga co oco e a curva. Nesta liña, Xoán Piñeiro consegue tirar partido duns materiais de enormes posibilidades expresivas e de longa tradición como son a pedra e o bronce. En especial **destaca o traballo co bronce**. No metal encontra as enerxías creadoras na extrema economía das formas, que **aluden sintéticamente a mundos materiais ou conceptuais** (desde o vexetal até experiencia humana), propendendo a un certo organicismo que pode evocar formas, por exemplo, dun vexetal ou dunha ave, sen facer delas imaxes abstractas; o propio ritmo é o que se torna visíbel, concreto, cheo de sutileza e elegancia. Certamente, **toda a obra do artista ten un referente orgánico**, mesmo cando tende a formas xeométricas, aspecto que evidentemente ten que ver cunha **profunda identificación coa natureza**, como se a artista quixese captar dela a súa pulsión, non a súa visión máis epidérmica.



### **Xoán Piñeiro, el escultor que llegaba al alma de las piedras**

No mundo creativo do escultor aparecen **figuras achegadas a unha visión próxima á experiencia colectiva**, por exemplo **o traballo**, e **o mundo íntimo e afectivo**, que nos transportan a **vivencias da súa experiencia persoal**. Podemos percibilos nos pequenos bronzes, que son do máis interesante do seu labor, pezas que evocan máis que describen, que se cargan dunha indubidábel potencia poética e que acaban por constituírense en signos vitais.

De por parte, algo que tamén transmitía rotundamente o artista era que a escultura supuña para el unha relación co material de enorme intensidade, cunha profunda consciencia do seu papel como creador e do proceso a seguir, sen o que sería imposíbel dar forma a materiais sólidos e durábeis.

## **O espazo público do franquismo**

Un dos aspectos máis interesantes da obra de Xoán Piñeiro, entendida desde o seu contexto histórico, é a súa importante **obra pública**, que é un reflexo do seu tempo e dos condicionantes e as limitacións impostas aos artistas no ámbito público e comunal. Cómpre lembrarmos que perdido o carácter conmemorativo, dominante até comezos do pasado século, aínda que presente en décadas posteriores, **o papel da escultura no espazo público acaba por se constituír nun problema**, mesmo non resolto de vez no noso tempo. As opcións construtivas - unhas das máis activas nas buscas máis radicais- tentaron resolvelo cunha vontade de integración na vida real, no mundo cotián, procurando que substituíse o que antes fora visión espiritual pura, idealismo e concepto. Para conseguilo optaron por unha configuración elemental, **traballando con valores como precisión, claridade, apertura de novos espazos e xeometría suspensa**, coa

finalidade de erixir, como dicía o escultor ruso Vladimir Tatlin, “materiais, volumes e construcións en fundamento”; un artista, por certo, que co seu xeometrismo quería reflectir a ética revolucionaria soviética –logo esmagada pola burocracia estalinista-. Mais o noso medio público e institucional dos anos cincuenta e sesenta (e mesmo dos setenta) estaba moi lonxe destas preocupacións e así é como cómpre entender traballos como o *San Xosé Obreiro* (1964, Vigo) ou *A Cea de Igrexa dos Apóstolos* (1968-1976, Vigo), obras que son, en boa medida, testemuños, non só estéticos, de toda unha época en Vigo e en Galicia.